



**XUNTA DE GOBERNO**

**SESION ORDINARIA DE DEZASEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO**

**(ACTA NÚMERO 47)**

**Presidente:**

D. Darío Campos Conde

**Sres. Deputados:**

D. Argelio Fernández Queipo

D. Álvaro Santos Ramos.

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Lino Rodríguez Onega

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Eduardo Vidal Baamonde

D<sup>a</sup>. Sonsoles López Izquierdo

**Secretario:**

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as once horas do d3a **dezaseis de novembro de dous mil dezaeito**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Dar3o Campos Conde, re3nense os Sres. Deputados 3 marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire 3 Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Org3nico desta Corporaci3n.

Actúa de Secretario o Secretario-Interventor D. Manuel Castiñeira Castiñeira, e asiste a Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA NOVE DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL DEZAOITO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de novembro de dous mil dezaoto, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

### **2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL SOLICITANDO UNHA PRÓRROGA PARA O PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DUN INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.**

Resultando que polo Pleno desta Deputación Provincial en sesión ordinaria de data 28 de marzo de 2017 foron aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017 e na sesión extraordinaria de data 16 de xuño de 2017 foi aprobado dito Plan. Nas devanditas Bases estableceuse que todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 31 de outubro de 2018.

Resultando que pola Xunta de Goberno en data 26 de outubro de 2018 se acordou que as solicitudes de prórrogas para execución e xustificación dos investimentos incluídos no Plan Único 2017, feitas dentro do prazo (31 outubro de 2018) indicado nas bases, pero recibidas nesta Deputación con posterioridade a esta data (31 de outubro de 2018) poidan ser autorizadas pola propia Xunta de Goberno inda que o acordo sexa con posterioridade ao 31 de outubro de 2018.

O Concello de Folgoso do Courel incluíu ao abeiro do Plan Único 2017 os seguintes investimentos:



FOLGOSO DO COUREL	69	IDENTIFICACIÓN	OPTIMIZACIÓN ENERXÉTICA DE INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN PÚBLICA EXTERIOR EN VILAR, MOSTAZ E SEOANE, INCLUÍDO REDACIÓ DO PROXECTO E DIRECIÓ DO OBRA			
		FINANCIACIÓ DO	22.970,00	0,00	22.970,00	X
	70	IDENTIFICACIÓ DO	REPARACIÓ DO DEPÓSITOS DE AUGA EN VILELA, NOCEDA, MOSTAZ E VILASIBIL			
		FINANCIACIÓ DO	10.404,37	0,00	10.404,37	X
	71	IDENTIFICACIÓ DO	REPARACIÓ DO VIAIS EN SECEDA E FOLGOSO DO COUREL (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO REDACIÓ DO PROXECTO			
		FINANCIACIÓ DO	31.041,30	0,00	31.041,30	X
	72	IDENTIFICACIÓ DO	SUBMINISTRACIÓ DO MONUMENTO NO MONTE CIDO			
		FINANCIACIÓ DO	8.400,00	0,00	8.400,00	X
	73	IDENTIFICACIÓ DO	MELLORA DA ESTRADA DE ACCESO A NOCEDA, PK 0+000 -0+803 E DO 1+626 -2+321, INCLUÍDO REDACIÓ DO PROXECTO E DIRECIÓ DO OBRA			
		FINANCIACIÓ DO	32.592,38	980,36	33.572,74	X
	74	IDENTIFICACIÓ DO	MELLORA DA ESTRADA DE ACCESO A O MAZO, P.K. 0+000 -1+020, INCLUÍDO REDACIÓ DO PROXECTO E DIRECIÓ DO OBRA			
		FINANCIACIÓ DO	19.701,90	0,00	19.701,90	X
	75	IDENTIFICACIÓ DO	REXENERACIÓ DO CAMIÑOS DE FERREIROS DE ABAIXO A FERREIROS DE ARRIBA E DE ACCESO A PEDRAFITA DO COUREL E RAMAL AO ALTO DA PEDRA, P.K. 0+000 - 2+365, INCLUÍDO REDACIÓ DO PROXECTO E DIRECIÓ DO OBRA			
		FINANCIACIÓ DO	31.803,35	10.108,40	41.911,75	X
76	IDENTIFICACIÓ DO	EXECUCIÓ DO MIRADOIRO E MURO DE CONTENCIÓ DO EN PADERNE, INCLUÍDO REDACIÓ DO PROXECTO E DIRECIÓ DO OBRA				
	FINANCIACIÓ DO	20.301,42	0,00	20.301,42	X	

Resultando que a Alcaldía do Concello de Folgoso do Courel a través de escrito de 9 de novembro de 2018 solicita unha prórroga para a execución e xustificación dos investimentos que se indican, segundo xustificación que consta no expediente ata o prazo sinalado:

INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓ DO	PRAZO XUSTIFICACIÓ DO
MELLORA DA ESTRADA DE ACCESO AO MAZO, P.K. 0+000 – 1+020, INCLUÍDO REDACIÓ DO PROXECTO E DIRECIÓ DO OBRA	30-11-2018	15-12-2018

Logo de ver os informes do Servizo de ContrataciÓ DO e Fomento e de IntervenciÓ DO, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Folgoso do Courel, e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a execución e xustificación dos investimentos indicados, debendo de remitir a esta Deputación, de forma individual para cada investimento a xustificación do mesmo nas datas indicadas.

INVESTIMENTO	CONCELLO	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
MELLORA DA ESTRADA DE ACCESO AO MAZO, P.K. 0+000 – 1+020, INCLUÍDO REDACIÓN PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA	FOLGOSO DO COUREL	30-11-2018	15-12-2018

2º.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Folgoso do Courel para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

### **3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DO CONCELLO DE MURAS SOLICITANDO PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.**

Resultando que polo Pleno desta Deputación Provincial na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 foron aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 51 do sábado 3 de marzo de 2018. Con data 29 de maio de 2018 foi aprobado polo Pleno o amentado Plan figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.

Resultando que pola Xunta de Goberno, en data 26 de outubro de 2018, foi acordado que as solicitudes de prórrogas para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, efectuadas dentro do prazo previsto na base 18 (31 de outubro de 2018), pero recibidas nesta Deputación con posterioridade a esa data límite.

O Concello de Muras incluíu ao abeiro do Plan Único 2018, entre outros, o seguinte investimento:



MURAS	151	IDENTIFICACIÓN	ACTUACIÓN EN SENDAS E ACCESOS: SENDA COTO-FERRERIO, SENDA DA FRAGA, SENDA DA LOMA, SENDA REGO DA XESTOSA, ACCESO A PENAGRANDE, CURRAL NA CARBALLOSA, A BAXÍN, Ó BARRAL, A BEDILLE DE ABAIXO, Á ESTRADA DO CANEIRO, Ó CARREGAL E A CASTRO (segundo coordenadas UTM)					
		FINANCIACIÓN	130.134,78	14.673,10	144.807,88		X	
	152	IDENTIFICACIÓN	EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS NÚCLEOS RURAIS E NA CASA DO CONCELLO DE MURAS, (segundo coordenadas UTM)					
		FINANCIACIÓN	14.585,90	0,00	14.585,90		X	
	153	IDENTIFICACIÓN	CONSERVACIÓN E AMPLIACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL					
		FINANCIACIÓN	54.745,07	0,00	54.745,07			X

Resultando que a Alcaldía do Concello de Muras a través de escrito de data 9 de novembro de 2018, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada ata os prazos que se sinalan:

INVESTIMENTO		PRORROGA
Nº	IDENTIFICACIÓN	ADXUDICACIÓN ATA
151	ACTUACIÓN EN SENDAS E ACCESOS: SENDA COTO-FERRERIO, SENDA DA FRAGA, SENDA DA LOMA, SENDA REGO DA XESTOSA, ACCESO A PENAGRANDE, CURRAL NA CARBALLOSA, A BAXÍN, Ó BARRAL, A BEDILLE DE ABAIXO, Á ESTRADA DO CANEIRO, Ó CARREGAL E A CASTRO (segundo coordenadas UTM)	31-12-2018
152	EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS NÚCLEOS RURAIS E NA CASA DO CONCELLO DE MURAS, (segundo coordenadas UTM)	31-12-2018
153	CONSERVACIÓN E AMPLIACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL	31-12-2018

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Muras, e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a adxudicación dos investimentos indicados deseguido, debendo de remitir á Deputación, de forma individual para cada investimento a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración.

INVESTIMENTO		CONCELLO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN		
151	ACTUACIÓNS EN SENDAS E ACCESOS: SENDA COTO-FERRERIO, SENDA DA FRAGA, SENDA DA LOMA, SENDA REGO DA XESTOSA, ACCESO A PENAGRANDE, CURRAL NA CARBALLOSA, A BAXÍN, Ó BARRAL, A BEDILLE DE ABAIXO, Á ESTRADA DO CANEIRO, Ó CARREGAL E A CASTRO (segundo coordenadas UTM)	MURAS	31-12-2018
152	EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS NÚCLEOS RURAIS E NA CASA DO CONCELLO DE MURAS, (segundo coordenadas UTM)		31-12-2018
153	CONSERVACIÓN E AMPLIACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL		31-12-2018

2º.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Muras para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

#### 4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVICIOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Examinadas a factura remitida pola Intervención xeral relacionadas con gastos ocasionados pola prestación de diversos servizos a esta administración cuxo concepto e importe que de seguido se detalla:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Probisa Productos Bituminosos, S.L.U.	5626201868000260	26/04/2018	917,87 €	Subministración o día 09/01/2018 de emulsión bituminosa para regos con gravilla para reparacións de vías.
SUMA			917,87 €	

Logo de ver que xunto coa factura consta:



a) A propia factura con Rexistro de Entrada de Facturas de data 26/04/2018, e con dilixencia de que está verificada a subministración, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformada a factura polo Vicepresidente desta Deputación.

b) Declaración responsable asinada polo representante da entidade Probisa Productos Bituminosos, S.L.U., de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e con esta Deputación, e de atoparse de alta no I.A.E. nunha actividade acorde á prestación, así como que a prestación desenvolvida está comprendida dentro dos fins obxecto ou ámbito da súa actividade.

c) Memoria xustificativa de data 07/11/2018, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitida polo Xefe do Parque Móbil.

Tendo en conta o informe do Servizo de Contratación e Fomento emitido con data 13 de novembro do 2018, previo á Resolución da Presidencia do día 14 deste mes dirimindo a discrepancia.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 do TRLRFL, ponse de manifesto \_nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto se produce un subministro de feito vinculado cun acordo marco con aprobación do gasto plurianual (2016-2018) e a existencia de consignación orzamentaria, pero non vinculado a un contrato en vigor, prescindindo do procedemento establecido para o compromiso de gasto, artigo 184 do TRLRFL, artigo 56 e 58 do RD500/90, de 2 de abril, base 36.1.2b) de execución do orzamento 2018, e artigo 198 do RD Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo tanto, incumprindo un requisito esencial os efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a Base 36 de Execución do Orzamento 2018, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno.

Tendo en conta que a demora producida na adxudicación e formalización do segundo contrato derivado, por fin ultimada na actualidade (segundo contrato derivado asinado en data 17/01/2018), resulta imputable ás dificultades propias dun procedemento garantista na licitación e na adxudicación.

Xa que existe unha prestación que resulta necesaria e imprescindible para o correcto funcionamento dos equipos de rego para a reparación de vías (compostos cada un deles por cisterna de emulsión, camiión gravillador, retro excavadora e apisonadora), e para que o persoal de cada un deses equipos puidese desenvolver o seu traballo (maquinistas e peóns), que ademais se aproveita ou fai uso da mesma, debe existir unha correlativa compensación da administración que a recibe. A necesidade e idoneidade desa prestación debe entenderse inmanente ao expedientes contractuais previamente existentes (acordo marco para a selección de empresas subministradoras de emulsión asfáltica tipo C65B3 para o Parque Móbil Provincial; e o primeiro contrato derivado do acordo marco para a selección de empresas subministradoras de emulsión asfáltica tipo C65B3 para o Parque Móbil Provincial), pero cuxo prazo de duración estaría vencido no caso do primeiro contrato derivado, lembrando que os actos administrativos emitidos na tramitación dese expediente contractual gozan da presunción de validez (Artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro) en tanto non mudasen os presupostos da existencia daquelas prestacións contractuais recíprocas. E tamén as licitacións de ditos servizos xa adxudicadas, confirman a necesidade e idoneidade desas prestacións.

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, do Parque Móbil e de Intervención, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar a prestación executada, propia dun contrato administrativo de subministración, recoñecer a obriga e o pagamento da factura relacionada:

- N° 5626201868000260 de data 26/04/2018, dun importe total de 917,87 €, emitida por Probisa Productos Bituminosos, S.L.U., correspondente á subministración o día 09/01/2018 de emulsión bituminosa para regos con gravilla para reparacións de vías.





## **5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIONES DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

**Primeiro.-** *Proposta relativa ao Convenio da subvención excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Unións Agrarias para colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Curso de traballos de substitución de vacún de leite e de carne” na anualidade 2018.*

Logo de ver o expediente relativo ao Convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Unións Agrarias co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Curso de traballos de substitución de vacún de leite e de carne”, polo importe de 42.158,15€.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 3.1 que leva por título “Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo” das recollidas, na Área de Promoción Económica e Social do Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2017- 2019, cuxa actualización para o presente ano 2018 foi aprobada por acordo de Xunta de Goberno o 16 de marzo de 2018.

Tendo en conta os informes da Secretaría Xeral, dos Servizos de Contratación e Fomento, Promoción Económica e Emprego e de Intervención, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 42.158,15 €, a favor da entidade Unións Agrarias para sufragar gastos derivados da actuación “Curso de traballos de substitución de vacún de leite e de carne“, subvención incluída na liña 3.1 que leva por título Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo da Área de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, cuxa actualización para o presente ano 2018 foi aprobada por acordo de Xunta de Goberno o 16 de marzo de 2018.

**2º.-** Aprobar o gasto de 42.158,15 euros con cargo ao vixente orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor da entidade Unións Agrarias, para sufragar gastos derivados da actuación “Curso de traballos de substitución de vacún de leite e de carne”.

**3º.-** Aprobar o Convenio a través do que se instrumenta a citada subvención.

**Segundo.-** *Proposta relativa ao Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Gastos xerais de funcionamento e diversas actividades no ano 2018 de dinamización do movemento veciñal” na anualidade 2018.*

Logo de ver o expediente relativo ao Convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto “Gastos xerais de funcionamento e diversas actividades no ano 2018 de dinamización do movemento veciñal”, polo importe de 20.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir 10.000,00€ con dispensa de garantía.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017 e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico o de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a Provincia.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 20.000,00€ a favor da entidade Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Gastos xerais de funcionamento e



diversas actividades no ano 2018 de dinamización do movemento veciñal”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratégico de Subvencións 2017-2019.

**2º.-** Aprobar o gasto de 20.000,00€ con cargo ao orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor da Asociación anteriormente amentada para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Gastos xerais de funcionamento e diversas actividades no ano 2018 de dinamización do movemento veciñal”.

**3º.-** Aprobar o Convenio a través do que se instrumenta a citada subvención.

**Terceiro.-** *Proposta relativa ao Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Folgoso do Courel coa finalidade común de colaborar na “Adquisición dun vehículo todo terreo”.*

Logo de ver que D<sup>a</sup>. Dolores Castro Ochoa, Alcaldesa do Concello de Folgoso do Courel achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público-público) de data 17 de setembro de 2018 ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo; para a realización conxunta polo Concello de Folgoso do Courel e esta Excma. Deputación Provincial, das actuacións de: “Adquisición dun vehículo todo terreo” nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente, para o que se comprometen a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO TODO TERRENO	30.000,00€	274,22€
TOTAL	30.274,22€	

O Concello de Folgoso do Courel financiará o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir o investimento, mantelo e dar o servizo á veciñanza.

Tendo en conta que para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Folgoso do Courel, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL
2018	30.000,00€	274,22€

Concello de Folgoso do Courel : As obrigas de facer e no seu caso achegas relacionadas no Convenio interadministrativo.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar o texto do Convenio interadministrativo a subscribir entre esta Deputación Provincial e o Concello de Folgoso do Courel coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de “Adquisición dun vehículo todo terreo”, cun orzamento total de 30.274,22 euros.

**2º.-** Aprobar o gasto en concepto de achega económica, por parte desta Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 30.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral desta Entidade Provincial para a anualidade 2018.

## **6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DA ENTIDADE BENEFICIARIA DO PROGRAMA BEN EMPREGADO III.**

Resultando que con data 16 de setembro de 2016 pola Xunta de Goberno foron aprobadas as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa de



Fomento do Emprego da Provincia de Lugo- Ben empregado III, Fase I. O extracto da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) nº 229 do 4 de outubro de 2016.

Resultando que con data 20 de xaneiro de 2017 se aprobou a relación definitiva de empresas beneficiarias, reservas e excluídos.

Resultando que con data 26 de maio de 2017 se aprobou o Anexo II, relación posto de traballo-desempregado solicitante.

Tendo en conta que renuncia á subvención outorgada a seguinte entidade beneficiaria:

CÓDIGO	RAZÓN SOCIAL	ESTADO	DATA RENUNCIA	IMPORTE SUBV.
BE3/A-16-354	RAQUEL VAZQUEZ PICOS	RENUNCIA	07/11/2018	3.138,09 €

A candidata adxudicada na bolsa de emprego 21/08/2018, informada na Xunta de Goberno do 08/09/2018 Dona María Elena Rodríguez Cameselle, foi contratada o 9 de setembro de 2017 e causa baixa o 17 de setembro do 2017 por non superación de período de proba. A entidade saíu en reiteradas ocasións na Bolsa de Emprego, ata chegar a última Bolsa publicada o 18/06/2018, sen ter candidatos adxudicados por tal motivo dita entidade non recibiu o anticipo do 80%.

Por todo elo, tendo en conta os informes da Unidade de Emprego e de Intervención, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar a renuncia da empresa anteriormente dita.

**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS SOBRE O DOCUMENTO DE DATA ABRIL 2016 DE “REVISIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE MURAS”.**

Logo de ver o escrito de 26 de outubro de 2018 do Concello de Muras remitindo o documento con data de abril 2016 de “Revisión das Normas Subsidiarias de Planeamento de Muras. Solo urbanizable de uso industrial en A Cabana”, en soporte informático CD con sinatura electrónica do Secretario municipal de data 21 de xuño de 2018, e visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 8 de novembro de 2018 emitido segundo a vixente Lei 8/2013 de estradas de Galicia.

Logo de ver a proposta do Sr. Vicepresidente, Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Emitir informe sectorial de carácter favorable ao documento con data de redacción abril 2016 de “Revisión das Normas Subsidiarias de Planeamento de Muras. Solo urbanizable de uso industrial en A Cabana”, remitido por dito Concello en soporte informático CD con sinatura electrónica do Secretario municipal de data 21 de xuño de 2018, aos efectos da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia no que afecta ás estradas de titularidade desta Deputación.

## **8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.**

Vistos os Plans de Seguridade e Saúde das obras que se indican, presentados polos contratistas adjudicatarios, en cumprimento do disposto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación Provincial; vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar os Plans elaborados para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

**2º.-** Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.



### OBRAS CUXOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBAN

Obra: “Depuradora de augas residuais no núcleo do Empalme”. Concello de Xermade.

Contratista: Ecolagunas, S.L.

Director Técnico: Jaime Cladeiro Pérez

Obra: Instalacións de barreiras de seguridade na LU-P-6305 “O Campón (LU-P-0101)-reemisor de RTVE en Cadramón”. P.Q. 3+700 ao 4+620. O Valadouro.

Contratista: Señalizaciones Asturias, S.L.

### 9.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN E COMPLEMENTO DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DAS RECLAMACIÓNS DE PARTICULARES COMPARECENTES EN DIVERSOS EXPEDIENTES EXPROPIATORIOS.

Logo de ver o expediente relativo á rectificación e complemento de acordos da Xunta de Goberno como resultado da reclamación de particulares comparecentes en diversos expedientes expropiatorios.

Tendo en conta o informe do Servizos de Expropiación e a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Modificar a titularidade da finca sita na obra: NAVIA DE SUARNA.- Ensanche e mellora da C.P. “Navia-A Fonsagrada”. P.Q. 0,000 ao 3,600, no seguinte senso:

Finca	Titularidade anterior	Nova titularidade
5	Herdeiros de Manuela Vega López e Manuela Saavedra Vega	Elías González Teijón, Manuel, María del Carmen, José María, Antonio e Vicente López Vega.

### 10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SOBRE PRESCRICIÓN DE LIQUIDACIÓN DE XUROS DE DEMORA DEVENGADOS POLO XUSTO PREZO DAS FINCAS 19, 29 E 40 DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO “ACONDICIONAMENTO DE

## **LA C.P. 5101 Y ACCESO AL PARQUE EMPRESARIAL DE FRIOL Y ENLACE EN LA CARRETERA LU-232 Y LA C.P. 1611”.**

Tendo en conta a solicitude de data 25 de outubro de 2008 presentada por D. Santiago Carballido Lamas, de liquidación dos xuros de demora devengados polo xusto prezo das fincas nº 19, 29 e 40 do expediente expropiatorio: “Acondicionamiento de la C.P. 5101 y acceso al Parque Empresarial de Friol y enlace con la carretera LU-232 y la C.P. 1611”.

Tendo en conta a base dos cálculos das liquidacións de xuros, que se atopan nas disposicións contidas na vixente Lei de Expropiación Forzosa, nos seus artigos 48, 56 e 57 e demais concordantes, así como nos artigos 71, 72, 73 e 74 do seu Regulamento e tamén en numerosas sentenzas do T. S. de datas 18 de maio de 1993, 17 de xaneiro de 1994 e outras máis recentes de datas 3 de abril de 2000, 3 de maio de 1999 e 22 de marzo de 2001, entre outras e a do T.S.X.G. de data 30 de abril de 2008.

Resultando que as resolucións do Xurado de Expropiación de Galicia foron aprobadas en sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o 9 de outubro de 2009 e consignadas o 16 de outubro de 2009, por un importe total de 31.236,70 € consignación que foi notificada aos interesados en data 22/10/2009.

Logo de ver o informe emitido pola Asesoría Xurídica de esta Excma. Deputación Provincial de data 26 de xaneiro de 2016 en relación co prazo de prescrición dos intereses devengados polo xusto prezo, di entre outros que:

*“O prazo de prescrición non ten regulación específica na Lei de Expropiación Forzosa, polo que é de aplicación o establecido con carácter xeral no apartado primeiro do artigo 25 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria:*

*“Salvo lo establecido por leyes especiales, prescribirán a los cuatro años:*

*(...).*





*b) El derecho a exigir el pago de las obligaciones ya reconocidas o liquidadas, si no fuese reclamado por los acreedores legítimos o sus derechohabientes. El plazo se contará desde la fecha de notificación del reconocimiento o liquidación de la respectiva obligación”.*

*En conclusión o dereito a reclamar o pagamento dos intereses prescribe aos catro anos a contar dende o abono do seu xusto prezo”.*

Consonte a o que vai dito, o dereito a percibir o pagamento dos xuros prescribiu aos catro anos a contar dende o 22/10/09 data da notificación da consignación das resolucións do Xurado de Expropiación efectuadas o 16/10/09; polo que non procede o pago dos mesmos.”

Tendo en conta os informes do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, de Asesoría Xurídica, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar o informe sobre prescripción de xuros de demora devengados polo xusto prezo das fincas 19, 29 e 40, do expediente expropiatorio “Acondicionamiento de la C.P. 5101 y acceso al parque empresarial de Friol y enlace con la carretera LU-232 y la C.P. 1611”.

## **11.- PROPOSTA RELATIVA AO APOIO DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL COMO MUNICIPIO TURÍSTICO.**

Logo de ver a solicitude presentada polo Concello de Folgoso do Courel para a súa declaración como Municipio Turístico; á vista do informe presentado polo Servizo de Turismo, no que se fundamenta o potencial turístico do Concello de referencia e, tendo en conta a Lei 7/2011, do 27 de outubro do Turismo de Galicia e o Decreto 32/2015, de 19 de febreiro, polo que se regula a declaración de Municipio Turístico de Galicia; así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Turismo e Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Apoiar a Declaración do Concello de Folgoso do Courel como municipio turístico, sen prexuízo das obrigas que debe cumprir o municipio en virtude da citada normativa.

**12.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2016.**

Logo de ver os informes emitidos pola Área de Deportes e por Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 25 de novembro de 2016, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2016, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 196 do venres 26 de agosto de 2016, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados:

**2º.-** Notificar este acordo aos beneficiarios indicándolles que contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pódense interpoñer os recursos que se estimen procedentes.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
CLUB EXCURSIONISTA ACIVRO	ACTIVIDADES DE SENDERISMO	702,00
CLUB QUIROGA FÚTBOL SALA	FÚTBOL SALA FEMININO	1.210,00

**13.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA ÁS BASES DA CONVOCATORIA DE PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E CORRECCIÓN DE ERROS DAS MESMAS.**

Logo de ver a reclamación presentada pola Xunta de Persoal e Comité de Empresa na que solicitan que nas Bases para a provisión de Postos de Traballo de Persoal Funcionario (...) desta Deputación a prover polo sistema de concurso de méritos entre Funcionarios desta Entidade Provincial, se inclúa “*que aqueles aspirantes que non poidan acreditar a formación de galego requirida deberán someterse a unha proba de coñecementos conforme a normativa vixente, tal e*



*como se ven aplicando nos procesos selectivos desta Deputación que afectan tanto a persoal funcionario como a persoal laboral e habilitados nacionais”.*

Resultando que nas Bases para a provisión de Postos de Traballo de persoal funcionario antes sinaladas, aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno de 19 de outubro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 257 de 9 de novembro de 2018, establécese como requisito para o desempeño dos postos de traballo á acreditación do Nivel de Galego que se especifica para cada posto no Anexo I, faise necesario para maior claridade e coñecemento público engadir un apartado novo nas mencionadas bases que recolla a posibilidade de substituír a ausencia de acreditación do nivel de coñecemento do idioma galego por un exame tal como prevé o artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia.

Observando un erro material no epígrafe da base 8.C que sinala:

*“C) Titulos Universitarios de Carácter Oficial Puntuación máxima apartado C) 2 puntos”, cando debería dicir para ter coherencia co contido e as puntuacións deste apartado “C) Titulos Académicos de Carácter Oficial Puntuación máxima apartado C) 2 puntos”, debería corrixir tanto nas bases como no Anexo II –Modelo de Instancia Universitarios por Académicos.*

Considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: *“As administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*

Por todo elo, tendo en conta o informe do Servizo de Recursos Humanos así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Admitir a reclamación presentada polo Presidente da Xunta de Persoal e polo Presidente do Comité de Empresa e Incluir nas Bases de Provisión de Postos de Traballo de Persoal Funcionario (BOP número 257 de 9 de novembro de 2018) como base 8.7 a Proba de Galego, co seguinte texto:

*“Os aspirantes que superen a puntuación mínima fixada na base 8.6 e non acrediten posuír o nivel de galego esixido no Anexo I para desempeñar o posto de traballo deberán realizar unha proba que poderá consistir na tradución dun texto de castelán a galego ou unha proba tipo test.*

*Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase co resultado de Apto ou Non Apto”*

**2º.-** Modificar como consecuencia do punto anterior, o sinalado na base 9.12 que quedará redactado do seguinte xeito:

*“9. Valoración e proposta de nomeamento*

*9.1 A Comisión efectuará a valoración conforme aos criterios establecidos no baremo. Efectuada esta, formularase unha proposta provisional de nomeamento, a favor do candidato ou candidatos que obtiveran as maiores puntuacións sempre que superaran a puntuación mínima de 15 puntos e acreditasen ou superasen a proba do nivel de galego esixido no Anexo I para o desempeño do posto, sen que o número de aspirantes propostos poida exceder do número de postos convocados”.*

**3º.-** Corrixir o erro material no epígrafe da base 8.C que di: *“(C) Títulos universitarios de carácter oficial Puntuación máxima apartado C) 2 puntos”.*

Debendo dicir: C) Títulos académicos de carácter oficial Puntuación máxima apartado C) 2 puntos.

**4º.-** Modificar como consecuencia do punto 3º o epígrafe na instancia de participación que quedará redactada: *“Títulos académicos de carácter oficial”.*

**14.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA ÁS BASES DA CONVOCATORIA DE PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DE**



## **PERSOAL LABORAL DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E CORRECCIÓN DE ERROS DAS MESMAS.**

Logo de ver a reclamación presentada pola Xunta de Persoal e Comité de Empresa na que solicitan que nas Bases para a provisión de Postos de Traballo de Persoal Laboral (...) desta Deputación a prover polo sistema de concurso de méritos entre Persoal Laboral Fixo desta Entidade Provincial, se inclúa *“que aqueles aspirantes que non poidan acreditar a formación de galego requirida deberán someterse a unha proba de coñecementos conforme a normativa vixente, tal e como se ven aplicando nos procesos selectivos desta Deputación que afectan tanto a persoal funcionario como a persoal laboral e habilitados nacionais”*.

Resultando que nas Bases para a provisión de Postos de Traballo de persoal laboral antes sinaladas, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de 19 de outubro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 257 de 9 de novembro de 2018, establécese como requisito para o desempeño dos postos de traballo á acreditación do Nivel de Galego que se especifica para cada posto no Anexo I, faise necesario para maior claridade e coñecemento público engadir un apartado novo nas mencionadas bases que recolla a posibilidade de substituír a ausencia de acreditación do nivel de coñecemento do idioma galego por un exame tal como prevé o artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia.

Observando un erro material no epígrafe da base 8.C que sinala:

*“C) Títulos universitarios de carácter oficial Puntuación máxima apartado C) 2 puntos”*, cando debería dicir para ter coherencia co contido e as puntuacións deste apartado *“C) Títulos académicos de carácter oficial Puntuación máxima apartado C) 2 puntos”*, debería corrixir tanto nas bases como no Anexo II –Modelo de Instancia Universitarios por Académicos.

Considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: *“As administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”* vese necesario corrixir o erro modificando nese apartado as Bases da Convocatoria”.

Por todo elo, tendo en conta o informe do Servizo de Recursos Humanos, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Admitir a reclamación presentada polo Presidente da Xunta de Persoal e polo Presidente do Comité de Empresa e Incluir nas Bases de Provisión de Postos de Traballo de Persoal Laboral (BOP número 257 de 9 de novembro de 2018) como base 8.7 a Proba de Galego, co seguinte texto:

*“Os aspirantes que superen a puntuación mínima fixada na base 8.6 e non acrediten posuír o nivel de galego esixido no Anexo I para desempeñar o posto de traballo deberán realizar unha proba que poderá consistir na tradución dun texto de castelán a galego ou unha proba tipo test.*

*Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase co resultado de Apto ou Non Apto”*

**2º.-** Modificar como consecuencia do punto anterior, o sinalado na base 9.12 que quedará redactado do seguinte xeito:

*“9. Valoración e proposta de nomeamento.*

*9.1 A Comisión efectuará a valoración conforme aos criterios establecidos no baremo. Efectuada esta, formularase unha proposta provisional de nomeamento, a favor do candidato ou candidatos que obtiveran as maiores puntuacións sempre que superaran a puntuación mínima de 15 puntos e acreditasen ou superasen a proba do nivel de galego esixido no Anexo I para o desempeño do posto, sen que o número de aspirantes propostos poida exceder do número de postos convocados”.*

**3º.-** Corrixir o erro material no epígrafe da base 8.C que di: *“C) Títulos Universitarios de Carácter Oficial Puntuación máxima apartado C) 2 puntos”.*



Debendo dicir: “C) *Títulos Académicos de Carácter Oficial Puntuación máxima apartado C) 2 puntos*”.

4º.- Modificar como consecuencia do punto 3º o epígrafe na instancia de participación que quedará redactada co seguinte texto: “ *Títulos Académicos de Carácter Oficial*”.

**15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO A DÚAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DENOMINADAS “CAPATAZ”, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS , PERSOAL DE OFICIOS, GRUPO C, SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL E /OU HORIZONTAL.**

Tendo en conta que o obxecto desta convocatoria é a de realizar un proceso selectivo, mediante o sistema de concurso- oposición, para o acceso a dúas prazas de persoal funcionario, denominadas “capataz”, encadradas na escala de administración especial, subescala de servizos especiais, persoal de oficios, grupo C, subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario desta Deputación Provincial, reservadas á promoción interna vertical, funcionarización.

Logo de ver os informes dos Servizos desta Entidade, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar as Bases Xerais que rexeran os procesos selectivos de promoción interna horizontal, vertical e funcionarización a proveer polo sistema de concurso-oposición.

2º.- Aprobar as Bases Específicas para o acceso a dúas prazas de persoal funcionario, denominadas “capataz”, encadradas na escala de administración especial, subescala de servizos especiais, persoal de oficios, grupo C, subgrupo C2, reservadas á promoción interna vertical-funcionarización, que complementan as Bases Xerais que rexeran os procesos selectivos de

promoción interna horizontal, vertical e funcionarización a proveer polo sistema de concurso-oposición sinaladas no apartado 1º.

3º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nestas probas selectivas.

4º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo.

**16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN OS PROCESOS SELECTIVOS AO OBXECTO DE CONSTITUÍR AS SEGUINTE LISTAXES DE EMPREGO TEMPORAL: FISIOTERAPEUTA, TERAPEUTA OCUPACIONAL, ATS-DUE, PSICÓLOGO.**

Tendo en conta que o obxecto desta convocatoria é a de realizar un proceso selectivo, mediante o sistema de concurso- oposición, para constituír listaxes de emprego temporal, para atender ás necesidades urxentes de incorporación de efectivos das características que se indican, nas circunstancias recollidas no artigo 10.1 do EBEP - ou no seu caso no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores- das seguintes categorías:

Denominación: FISIOTERAPEUTA. Clasificación: <ul style="list-style-type: none"><li>○ Grupo A.- Subgrupo A2.</li><li>○ Escala de Administración Especial.</li><li>○ Subescala Técnica, Técnico/a Medio/a.</li></ul>
Denominación: TERAPEUTA OCUPACIONAL. Clasificación: <ul style="list-style-type: none"><li>○ Grupo A.- Subgrupo A2.</li><li>○ Escala de Administración Especial.</li><li>○ Subescala Técnica, Técnico/a Medio/a.</li></ul>
Denominación: ATS- DUE. Clasificación: <ul style="list-style-type: none"><li>○ Grupo A.- Subgrupo A2.</li><li>○ Escala de Administración Especial.</li><li>○ Subescala Técnica, Técnico/a Medio/a.</li></ul>





Denominación: PSICÓLOGO/A.

Clasificación:

- Grupo A.- Subgrupo A1.
- Escala de Administración Especial.
- Subescala Técnica, Técnico/a Superior.

Logo de ver a normativa de aplicación vixente a esta convocatoria e tendo en conta que nestes momentos non existen Listaxes de Emprego Temporal das categorías enunciadas anteriormente, ao obxecto de poder cubrir provisionalmente as sinaladas prazas/postos/empregos, a través das devanditas Listaxes, polo que resulta necesario a súa constitución para atender as necesidades que se poidan producir.

Tendo en conta que se teñen constatado que existe na Entidade a necesidade de contar cunhas listaxes de emprego temporal para poder xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo de titulacións cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular as referidas no artigo 19.Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018;.

Logo de ver os informes dos Servizos desta Entidade, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobado as Bases Específicas que rexerán os procedementos selectivos, mediante o sistema de concurso - oposición libre para a creación dunhas listaxes de emprego temporal de Fisioterapeuta, Terapeuta Ocupacional, ATS-DUE e Psicólogo/a para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal funcionario/a interino/a polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (ou no seu caso polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores).

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivos estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 4 de decembro de 2015 (publicadas no BOP nº 289 de data 17/12/2015).

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nestas probas selectivas, para constituír as respectivas listaxes de emprego temporal.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo.

**17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA, BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL AO OBXECTO DA FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS LABORAIS “EN PRÁCTICAS” DE DIVERSAS TITULACIÓN.**

Tendo en conta as solicitudes formuladas pola Sección de Promoción Económica e Emprego coa conformidade da Sra. Deputada Delegada de Área de Promoción Económica e Social, do Servizo de Comunicación, coa conformidade da Presidencia, do Servizo de Comunicación e TICS, coa conformidade do Sr. Deputado Delegado de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes e do Gabinete de Presidencia coa conformidade da Presidencia, nas que se xustifican as circunstancias e necesidades de efectivos.

Tendo en conta que apreciando as dificultades que atopan os novos graduados/as e licenciados/as para introducirse profesionalmente no mercado laboral, como consecuencia da actual situación económica, púxose en marcha, dentro das políticas de emprego que está a desenvolver esta Deputación Provincial o Programa de Primeira Oportunidade, aprobado en Xunta de Goberno do 28 de agosto de 2018, creado cunha dobre finalidade, por unha banda proporcionar ás persoas seleccionadas práctica profesional da titulación correspondente, a través da contratación baixo a modalidade “en prácticas” e por outra atender as necesidades reiteradas de persoal nos servizos que o demandan.

Á vista do contido dos informes do Servizos desta Entidade Provincial, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación; a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:



1º.- O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar, con carácter provisional, os procesos selectivos para acceder a empregos mediante a formalización de contratos laborais temporais, baixo a modalidade “en prácticas”.

Características dos empregos obxecto da convocatoria:

DENOMINACIÓN DO EMPREGO	TÍTULO ACADÉMICO	Nº EMPREGOS
GRADUADO/A / LICENCIADO/A EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS.	GRADUADO/A / LICENCIADO/A EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS.	1
TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS.	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS.	1
TÉCNICO/A SUPERIOR EN DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓN WEB.	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR EN DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓN WEB.	1
GRADUADO/A / LICENCIADO/A EN XORNALISMO.	GRADUADO/A / LICENCIADO/A EN XORNALISMO.	1
TÉCNICO/A SUPERIOR EN MARKETING E PUBLICIDADE.	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR EN MARKETING E PUBLICIDADE.	2
TÉCNICO/A SUPERIOR DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO EN FOTOGRAFÍA ARTÍSTICA.	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO EN FOTOGRAFÍA ARTÍSTICA.	1
TITULADO/A SUPERIOR DE DESEÑO GRÁFICO	TITULADO/A SUPERIOR DE DESEÑO GRÁFICO	1
TÉCNICO/A SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS EN REDE.	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS EN REDE.	1
TÉCNICO/A SUPERIOR EN ASISTENCIA Á DIRECCIÓN.	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR EN ASISTENCIA Á DIRECCIÓN.	2

Tendo en conta que a presente convocatoria xustifícase pola:

a) Vontade desta Deputación Provincial a través do Programa de Primeira Oportunidade de vincular e colaborar coas finalidades formativas e de inserción profesional no mercado laboral dos/as traballadores/as que posúen titulacións académicas e carezan das experiencias no ámbito funcional daquelas.

b) Necesidade, urxencia e inaprazabilidade da incorporación de efectivos co obxectivo de mellorar a eficacia e eficiencia do funcionamento das Unidades administrativas anteriormente indicadas, que precisen efectivos coas titulacións académicas que se determinan e que así o motivan nas súas peticións e propostas de persoal, dado que a entidade carece dos suficientes.

Logo de ver a normativa de aplicación vixente para esta convocatoria e que nesta Entidade non existiu nin existen “Listaxes de aspirantes a formalizar contratos en prácticas”, desta tipoloxía de contidos funcionais e profesionais, ao obxecto de poder cubrir provisionalmente os empregos que se convocan.

Tendo en conta o antedito, resulta necesario convocar os correspondentes procesos selectivos para prestar servizos como “Graduado/a / Licenciado/a en Administración e Dirección de Empresas” (1 Efectivo), “Técnico/a Superior de Administración e Finanzas” (1 Efectivo), “Técnico/a Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Web” (1 Efectivo), “Graduado/a / Licenciado/a en Xornalismo” (1 Efectivo), “Técnico/a Superior en Marketing e Publicidade” (2 Efectivos), “Técnico/a Superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía Artística” (1 Efectivo), “Titulado/a Superior en Deseño Gráfico” (1 Efectivo), “Técnico/a Superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede” (1 Efectivo), “Técnico/a Superior en Asistencia a Dirección” (2 Efectivos), Regulándose Os Correspondentes Contratos Laborais Polo Artigo 11 Do Real Decreto Lexislativo 2/2015, De 23 De Outubro Polo Que Se Aproba O Texto Refundido Do Estatuto Dos Traballadores.

Logo de ver os informes dos Servizos desta Entidade, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar as Bases Xerais e Bases Específicas que rexerán os procedementos selectivos, mediante o sistema de concurso, para a cobertura provisional con persoal laboral temporal, vinculado a esta Entidade mediante contrato laboral “en prácticas” regulado no artigo 11 Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, dos empregos anteriormente amentados.



2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nos procesos selectivos ao obxecto de cubrir, con carácter provisional mediante contrato laboral temporal “en prácticas”, os devanditos empregos.

### **18.- PROPOSTA SOBRE EXTINCIÓN DO CONTRATO LABORAL SUBSCRITO CUN TRABALLADOR DO CADRO DE PERSOAL LABORAL, POR DECLARACIÓN DE INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRAO DE TOTAL.**

Logo de ver que D. Luís Fernández López, Peón do Cadro de Persoal Laboral, en Comisión de Servizos de Peón Especialista Agropecuario, adscrito á Granxa Provincial, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose de baixa por Incapacidade Temporal dende o 27 de setembro de 2017.

Resultando que por Resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS de data 23 de outubro de 2018, foille recoñecida a D. Luís Fernández López a prestación de Incapacidade Permanente no Grao de Total, con efectos económicos do 22 de outubro de 2018.

Tendo en conta o artigo 194 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece os distintos graos de invalidez, e que, a falta doutra regulación, enténdese que a incapacidade permanente total para todo traballo é aquela “(...) *que inhabilite por completo ao traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas de dita profesión, sempre que poida dedicarse a outra distinta*”.

Resultando que a Resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS establece literalmente que: “(...) *Non se prevé que a situación de incapacidade vaia ser obxecto de revisión por melloría, que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos (artigo 48.2 da Lei do Estatuto dos Traballadores. BOE 24/10/2015).*”

Resultando que segundo o disposto no artigo 48.2 e dado que a Dirección Provincial de Lugo do INSS (órgano de cualificación da incapacidade) non prevé a revisión por melloría que

permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos, enténdese que procede a extinción da relación laboral.

Por todo elo, tendo en conta os informes dos Servizos desta Deputación Provincial, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Declarar a extinción da relación contractual desta Entidade con D. Luís Fernández López, dende o día 22 de outubro de 2018, data na que lle foi recoñecida a situación de Incapacidade Permanente Total, sendo o derradeiro día de traballo o día 21 de outubro de 2018.

#### **19.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DE SELECCIÓN DAS PERSOAS USUARIAS DO PROGRAMA “LUGOTERMAL” E A SÚA PUBLICACIÓN NO BOP DE LUGO.**

Resultando que a Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 20 de xullo de 2018, aprobou a programación dun programa preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal, potenciando o envellecemento activo a través do termalismo, denominado "LugoTermal". Este programa ten como obxectivo principal a mellora da calidade de vida das persoas participantes, cun carácter preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal a través dos tratamentos/técnicas termais, estando dirixido a persoas que teñan 55 anos o mais e que se topen empadroadas nalgún Concello da provincia de Lugo, podendo levar consigo unha persoa en calidade de acompañante, que non cumpra os requisitos sinalados.

Tendo en conta que para a posta en marcha do Programa “LugoTermal”, foi necesario a contratación de servizos termais, tendo en conta a Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en concreto o seu artigo 28, necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación, no cal se sinala que os entes, organismos e entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais, sendo a prevención da dependencia e a promoción do envellecemento activo sen debida de interese xeral social para a provincia de Lugo.



Resultando que con data 26 de outubro de 2018 mediante acordo da Xunta de Goberno adxudicouse os servizos de termalismo derivados da execución do programa denominado LugoTermal, mediante un procedemento de negociado sen publicidade, sendo adxudicatarios, previos trámites administrativos establecidos, Balneario y Termas de Lugo, S.L., Balneario de Río Pambre, S.L. e Hotel Balneario Augas Santas, S.L., dos lotes 2, 3 e 4 respectivamente, quedando deserto o lote 1.

Considerando o establecido no programa de LugoTermal en relación á necesidade de realizar unha selección dos usuarios a través dunha convocatoria pública, estímase oportuno redactar para a súa posterior aprobación, se procede, unhas bases que articulen o procedemento de acceso en concorrencia non competitiva ao servizos de carácter temporal ofrecido por esta Deputación, tendo en conta a Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Logo de ver os informes dos Servizos desta Entidade Provincial, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar as bases de selección das persoas usuarias do programa “LugoTermal” e proceder a súa convocatoria.

2º.- Publicar as bases de selección das persoas usuarias de dito programa no BOP de Lugo.

## **20.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 259/2018-P.**

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 259/2018-P, interposto por Dona Delia López Rodríguez, fronte ao acordo do Pleno desta Deputación Provincial de data 29 de maio de 2018 polo que se aprobou definitivamente a proposta de modificación parcial da Relación de Postos de Traballo desta Entidade, no que afecta á

“Xefatura Sección II Actas e Asuntos Xerais”; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

**2º.-** A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

**3º.-** O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

## **21.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

## **22.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.